

**Luís Álvarez Pousa
Belén Puñal Rama (Coord. e ed.)**

Rompendo moldes Áreas de especialización e Xénero no Xornalismo



ISBN 978-84-615-4247-5



ATLÁNTICA

DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN DE GALICIA, S.A.



PROXECTO COFINANCIADO



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
"O FSE Inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade

Luís Álvarez Pousa / Belén Puñal Rama (Coord. e ed.)
Rompendo moldes. Áreas de especialización e Xénero no Xornalismo

ATLÁNTICA

DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN DE GALICIA, S.A.

Rompendo moldes

Áreas de especialización

e Xénero no Xornalismo

Maquetación: Andrea López

Revisión e traducción: Xosé Manuel Pérez Sardiña

Impresión: Litonor, S.A.L.

© Luís Álvarez Pousa, Ana Belén Puñal Rama, Teresa Vera Balanza, Jorge García Marín, Rocío Fraga Sáenz, Milagros Lores Torres, Carme Adán Villamarín, Yolanda Jubeto Ruiz, María Reimóndez Meilán, Lorena Arévalo Iglesias, Lola Ferreiro Díaz, María Xosé Agra Romero, María Lameiras Fernández, María Victoria Carrera Fernández, Yolanda Rodríguez Castro, Luz Castro Pena, María de los Ángeles Fernández Villarino, Mónica Bar Cendón, Carmen Herrero Aguado, Juana Gallego Ayala, Carolina Moreno Castro, Idoia Camacho Markina, Aquilina Fueyo Gutiérrez, Eva Navarro Martínez, Montse Quesada Pérez

© Atlántica de Información e Comunicación de Galicia,S.A., 2011.
Rúa Porróns, 8-2º (Meixonfrío) 15706 Santiago de Compostela

ISBN: 978-84-615-4247-5

Depósito Legal: C 2446-2011

Reservados todos os dereitos. Os textos que componen este libro son propiedade das súas autoras e están protexidos pola Lei. Prohibese a reproducción, distribución ou comunicación pública, total ou parcial, agás autorización expresa.

Luís Álvarez Pousa
Belén Puñal Rama (Coord. e ed.)

ATLÁNTICA
DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN DE GALICIA, S.A.

O ambiente dende a perspectiva de xénero

María Xosé Agra Romero

Universidade de Santiago de Compostela

"Tal como o *bourgeois gentilhomme* de Molière, que ficou maravilhado ao descubrir que tiña falado em prosa toda a sua vida sem o saber, as mulheres de todo o mundo -de todas as cores, classes e culturas- tém interagido com o proceso ambiental e de desenvolvimento todos os días da sua vida, sem contudo disso se aperceberem, em números suficientemente grandes para serem consideradas elementos fundamentais no futuro do nosso planeta.

Contudo, à medida que as mulheres participam cada vez mais no movimento ambiental global, o vasto âmbito das suas situações económicas e sociais, os seus estilos de vida, e o que fazem nas suas casas, comunidades, nações e grupos internacionais está a ser identificado, descrito e rigorosamente analisado, particularmente nos estudos epistemológicos de mulheres intelectuais e teoristas femininas."

Bella Abzug. *Mulher, ambiente e desenvolvimento sustentável*.¹

Se xa é en por si salientable que se desenvolvan unhas xornadas sobre especialización xornalística dende a perspectiva de xénero, tal e como aconteceu coas II Xornadas sobre Información e Xénero nas que participei coa intervención da que deixo constancia neste artigo, más aínda o é que se lle dese un espazo neste contexto ao ambiente. Dito isto, quixera facer unhas breves consideracións preliminares. En primeiro lugar, respecto, xusto, da denominación 'ambiente', xa que as denominacións, os termos que empregamos, non son algo sen importancia, inocentes, senón que soen responder a xeitos de mirar, de abordar os problemas, aos marcos conceptuais, de pensamento. Neste caso, sen poder detérmonos moito, compre indicar que cabería empregar 'ecoloxía' e, de feito, eu voume centrar na intersección de ecoloxía e xénero, ou de ecoloxismo e feminismo, é dicir, no ecofeminismo, e así apuntar apenas unhas liñas á hora de xerar e achegar a información.

En segundo lugar, temos que ter en conta que nos estamos a referir a un ámbito de especialización relativamente novo e bastante complexo, malia a ter varias décadas ás costas. Novo e complexo, o que nos leva a preguntárnos pola 'questión' ou o 'problema' ambiental/ecolóxico e os cambios más ou menos radicais que comporta respecto das formas de vida, de producción e consumo, de pensar e actuar. Aquí cómpre advertir que dende os anos 70 se dá un cambio importante: pásase da consideración das catástrofes e males como 'naturais' á emerxencia dos problemas sociais e políticos en relación cos impactos humanos sobre o seu contorno, sobre a natureza externa, examinándose non só as responsabilidades individuais (agrónomos/as, enxeñeiros/as...) e colectivas (fabricantes, políticos, economistas, científicos...), senón tamén acreditando nunha cidadanía ecolólica ou ambiental, que abrangue dende o 'oikos' doméstico á Terra.

A día de hoxe dispomos de evidencia estatística, de datos contrastados e abondosos, así como dun importante soporte teórico sobre a non sustentabilidade dun modo de producción e consumo, de determinadas formas de vida, ao que se une o impacto de 'accidentes' ou 'catástrofes' de considerables di-

mensións: Chernóbil, Prestige, Katrina... De igual modo, pode constatarse unha certa, ou maior, sensibilidade respecto da cuestión ambiental/ecolólica, mais precisamos detectar e criticar o que, en moitos casos, remata sendo unha 'maquillaxe verde', un simple 'enverdecemento'. Neste novo e complexo contexto é no que hai que inserir a responsabilidade do xornalismo, dos medios, do chamado 'xornalismo ambiental' ou da información sobre temas e problemas ambientais/ecolóxicos, sen perder de vista, máis ben todo o contrario, a perspectiva de xénero. Tentarei na medida do posible, a grandes trazos, partindo da cuestión ambiental/ecolólica, apuntar á encrucillada de ecoloxismo, feminismo e xornalismo.

1. A cuestión ambiental/ecolólica

Dende os anos setenta do século XX escóitase falar cada vez máis de cambio climático, capa de ozono, deforestación, contaminación, sustentabilidade... Máis unha vez, a linguaxe é importante. Naqueles anos setenta do pasado século agroman os Novos Movementos Sociais, un deles o ecoloxismo -xunto co feminismo contemporáneo e o pacifismo-. Xorden movementos de xustiza ambiental, ambientalistas e ecoloxistas con posicións más ou menos radicais ou conservadoras. En xeral os asuntos ambientais adquiren relevo, en particular nos países desenvolvidos e, en calquera caso, tanto a linguaxe como os novos movementos veñen pór de manifesto que algo está a emerxer: o problema ou a cuestión ambiental, ambiental/ecolólica. Así pois, pódese dicir que ata mediados dos anos setenta non existía "un ideario e unha linguaxe pública compartida para referirse á aparición de novos retos teóricos e prácticos derivados da transformación humana sistemática do medio natural" (Valdivieso, 2008, 301-302).

Sen pretensión ningunha de facer unha historia destas catro décadas, non obstante, hai que mencionar algúns fitos importantes que nos serven de balizas para perfilar a emerxencia do problema. Existe amplio acordo en que a publicación *The Limits to Growth* (1972) (*Los límites del crecimiento*) supón un punto de inflexión nas cuestións ambientais pois constitúe o primeiro sinal de alerta sobre a crise ambiental. Coñecido tamén como Informe Meadows², este estudo, encargado polo Club de Roma a un equipo de investigación do Instituto Tecnolóxico de Massachusetts (MIT), advierte dos perigos dun crecemento ilimitado, tanto a nivel económico como poboacional (esgotamento dos recursos, colapso dos sistemas naturais...), e conclúa a necesidade de cambios estruturais e globais.

Xa nos anos oitenta hai que salientar a presenza pública da cuestión, a aparición de partidos verdes e ONGs, de tratados e protocolos. Unha data: 1987. Nese ano asínase o Protocolo de Montreal, un tratado internacional relativo ás emisións de gases de efeito de invernadoiro da capa de ozono, e a Comisión Mundial para o Ambiente e o Desenvolvemento da ONU presenta o Informe Brundtland³ (en principio titulado *Our Common Future*) no que por primeira vez se emprega a

noción de 'desenvolvemento sostible', entendido como aquel que satisfaga as necesidades do presente sen comprometer as das futuras xeracións. Téntase así eliminar a confrontación entre desenvolvemento e sustentabilidade, propiciando a súa popularización e integración en discursos e institucións e posibilitando o recoñecemento da cuestión ambiental e a súa dimensión global⁴. Outras datas importantes: 1992, ano da celebración do Cumio da Terra en Río de Xaneiro⁵, e 1997, ano do Protocolo de Kioto sobre control de emisións de gases de efecto invernadoiro.

No que respecta propriamente á 'ecoloxía', como indica Valdivieso:

Os termos usados para expresar o imaxinario ecolóxico son polisémicos, non sempre se refiren ao mesmo campo semántico. No seu uso diario, por exemplo, 'ecoloxía' pode designar simultaneamente unha ciencia natural, unha ideoloxía política ou unha filosofía da vida. Non obstante, poden delimitarse significados diferenciados na súa terminoloxía fundamental, incluso cando os propios actores sociais ecológicos ou ecoloxistas usen indistintamente uns significados ou outros (Valdivieso, 2008, 308).

Non é posible trazar aquí a evolución e desenvolvimentos da ecoloxía dende as ciencias naturais ecológicas, pasando polas propostas eco ou biocéntricas, ata o xurdimento da ecoloxía política entendida como a que "desvela e revisa criticamente as formas e as relacións de poder, sincrónicas e diacrónicas, específicas e interespecíficas, subxacentes ao metabolismo sociedade-naturaleza" (Valdivieso, 2008, 311). Sinalarei só un par de ideas. A primeira é que, como indicaba antes, aínda que moitas veces se usen indistintamente 'ambiental' ou 'ecolóxico', isto comporta diferenzas e matices que cómpre ter en conta. En verbas de Alicia Puleo:

Falaremos de Natureza ou de ambiente? [...] Aínda que en ocasións utilicemos o termo 'ambiente', temos que recordar que a Natureza non debe ser reducida a un simple escenario de actividades da nosa especie. Temos que pensar na continuidade do mundo natural e na proximidade dos outros seres vivos, no noso parentesco e similitude (Puleo, 2011, 16-17).

Cómpre reter que, tras os termos, achamos formas distintas de entender e relacionarse coa Natureza, diferenzas que poden agochar posicións que discorren por vías distintas, con propostas sociais e políticas non coincidentes. Así se tenta recoller, a propósito da cidadanía, na distinción de A. Dobson entre 'ambientalismo' e 'ecoloxismo'. O primeiro supón unha "aproximación administrativa aos problemas ambientais" que non acredita na necesidade de cambios fundamentais respecto dos valores ou modelos de produción e consumo actuais; mentres que o segundo, o 'ecoloxismo', si xulga fundamental, na procura dunha "existencia sostible e satisfactoria", o levar a cabo cambios radicais

que afectan a nosa relación co mundo natural non humano, que atinxen a nosa forma de vida social e política (Dobson, 1997: 22). Ambientalismo e ecoloxismo configuran un campo plural e diverso⁶.

Contra o final do século XX e nos comezos do XXI, prodúcense numerosas reflexións, xorden novas interrogacións sobre os cambios, problemas e perigos dun mundo que se percibe en crise, a máis do impacto da globalización económica e das novas tecnoloxías da comunicación e da información, e polas consecuencias pouco precisas que se derivan de tales cambios. Dende esta perspectiva, a dimensión global da sociedade contemporánea confróntanos con novas formas de vulnerabilidade, con temores, medos, inseguridades (pandemias, alimentos transxénicos, cambio climático, organismos modificados xeneticamente....) e, co auxe do neoliberalismo, con grandes desigualdades sociais, económicas e, como non, ambientais.

No seu libro sobre o esquecido século XX, o historiador Tony Judt, ao argumentar sobre a necesidade de retomar a cuestión social, sinala os dous grandes problemas e retos do século XXI, nomeadamente: a pobreza global e a incipiente catástrofe ambiental, ás que considera, de acordo con Garton Ash, "as verdadeiras armas de destrucción masiva" (Judt, 2008). Da man da recoñecida teórica e activista ecofeminista india Vandana Shiva, agroma con forza a voz e a perspectiva do Terceiro Mundo, que amosa os problemas da globalización económica que todo o mercantiliza, xerando pobreza e mesmo un 'apartheid' ambiental:

En 1992, cidadáns e gobernos reuníronse en Río para ocuparse das ameazas ecológicas más graves do noso tempo: o cambio climático, a erosión da biodiversidade, a diminución e contaminación dos recursos acuíferos, a acumulación de residuos tóxicos.

Porén, xa antes de que a comunidade internacional pudera empezar a dar os pasos titubeantes para desenvolver o programa de Río, xurdido do Cumio da Terra, outro programa de globalización e libre comercio varreu o mundo como un furacán, anulou todos os avances ambientais, aumentou as presións sobre o ambiente e xerou novos riscos ecológicos como a producción de organismos modificados xeneticamente.

Comezamos o novo milenio cunha produción deliberada de ignorancia sobre perigos ecológicos como a desregularización da protección ambiental e destrucción dos modos de vida ecoloxicamente sostibles de comunidades agrícolas, tribais, pastorais e artesás do Terceiro Mundo. Estas xentes estanse convertendo nos novos refuxiados ambientais do mundo.

Para os dous terzos más pobres da humanidade, que viven no Sur, o capital natural é a súa fonte de vida e sostén. A destrucción, desviación e apropiación dos seus ecosistemas para extraer recursos naturais ou tirar residuos xera unha carga desproporcionada para os pobres. Nun mundo de comercio global e liberalizado, no que todo é vendible e a potencia económica é o único factor determinante do poder e o control, os recursos trasladanse dos pobres aos ricos, e a contaminación trasládase dos ricos aos pobres. O resultado é un apartheid ambiental a escala mundial (Shiva, 2001, 163)⁷.

Agora ben, ¿e as mulleres? Pobreza e apartheid ambiental, como denuncia Shiva, aféctanlle grave e directamente, e como salienta Puleo:

De acordo coas estatísticas, as mulleres somos as primeiras prexudicadas pola contaminación ambiental e as catástrofes "naturais". Así o recoñecía xa a Conferencia da Muller de Nacións Unidas celebrada no ano 2000. Porén, polo xeral, non se visibiliza a relación entre a estratificación de xénero e os problemas ambientais. Aínda son escasas as ocasións en que encontramos un entrelazamento temático. Polo momento, só unha minoría sente a necesidade dun contacto entre a perspectiva feminista e a ecolóxica (Puleo, 2011, 11).

2. As mulleres, a Natureza

En efecto, hai evidencia empírica, estatística, de que as mulleres somos as primeiras víctimas do crecemento ilimitado e da mercantilización, do "mal desenvolvemento". Mais ao mesmo tempo as mulleres, en particular as do Sur, as mulleres pobres, as campesiñas, as que están a enfrentar e a xestionar o problema ambiental/ecolóxico, tamén están a xerar alternativas prácticas e teóricas. A necesidade de conectar o feminismo e a ecoloxía xorde práctica e teoricamente, dende os anos setenta, necesidade que acolle como propia o ecofeminismo ou o feminismo ecológico/ambiental, que vén engadir novos elementos á xa en por si complexa cuestión ambiental/ecolóxica. Podemos así ver que a Natureza ten sexo-xénero, as conexións entre o antropocentrismo e o androcentrismo e entre as mulleres e a Natureza, entre a dominación e opresión das mulleres e a dominación e explotación da Natureza.

O ecofeminismo comporta, dunha banda, unha perspectiva crítica respecto daquelas aproximacións ecoloxistas/ambientais que non toman en conta as mulleres, ben como vítimas, ben en calidade de xestoras e xeradoras de alternativas, que non integran no seu marco conceptual a interrelación de xénero e natureza. Por outra, a súa crítica diríxese igualmente ao feminismo, fundamentalmente por non ir máis alá do dualismo Natureza/Cultura, por non integrar a opresión e dominación das mulleres desde unha perspectiva non antropocéntrica, asumindo, nese sentido, a-criticamente a categoría de Natureza. Dende esta óptica, a Natureza é unha categoría relevante, central para a análise feminista, e enmárcase no imperativo anti-dualista: natureza humana/non humana, natureza/cultura, homes/mulleres, mente/corpo, razón/emoción...

Así, ante a crise, ante a cuestión ambiental/ecolóxica, é necesario atender e profundizar na interrelación entre a dominación das mulleres e a da Natureza, facer conexións entre os sistemas sociais de dominación da natureza non humana e daqueles humanos, en particular das mulleres, que están en posiciones de inferioridade, de subordinación. Neste sentido, unha das premisas básicas do ecofeminismo é que nas culturas patriarcais os homes teñen o

dereito de explotar e dominar a Natureza ao igual que explotan e oprimen as mulleres. Porén, convén ter en conta que, ao igual que o feminismo e o ecofeminismo son plurais e diversos, de modo que cómpre falar mellor de ecofeminismos e feminismos, polo mesmo, temos que considerar que, malia a compartir a premisa básica, hai ecofeminismos e feminismos ecológicos/ambientalistas con énfases e diferenzas salientables.

Dende que Françoise d'Eaubonne acuña o termo no ano 1974, ata hoxe, o ecofeminismo ten a súa propia historia, as súas activistas, as súas pioneiras e as súas teóricas. Non é posible demorarse agora no seu percorrido, mais é preciso coñecelo á hora de comprender as nosas sociedades e os problemas da cuestión ambiental/ecolólica, tanto no que respecta á nova linguaxe –‘desenvolvemento sostible’, ‘mal desenvolvemento’, ‘soberanía alimentaria’, ‘xustiza ambiental’...– como á hora de facer visible o grao de implicación e participación nas loitas e movementos actuais. Ademais, como dicimos, as mulleres somos maiormente as vítimas, as que acusamos o impacto das ‘armas de destrución masiva’ e do ‘apartheid ambiental’.

Con todo, e insistindo en que é preciso coñecer e analizar criticamente a súa historia e as súas achegas⁸, de xeito sumario diremos que o ecofeminismo cuestiona as conexións que se establecen entre muller e Natureza⁹, os discursos que as vinculan en formas que xustifican o dominio de ambas as dúas, e que teñen a súa orixe na Modernidade, no racionalismo occidental e no patriarcado capitalista. Incídese na persistente asociación das mulleres coa natureza, co material, co emocional, mentres que os homes representan a cultura, o racional e abstracto. A violencia contra a Natureza conéctase coa violencia contra as mulleres e títrase a súa xénese do modelo masculino dominante, un modelo que responde á lóxica do dominio, da conquista, militarista, sustentado nun marco conceptual dualista.

Agora ben, este cuestionamento non leva consigo unha simple inversión de valores, é dicir, que fronte a dito modelo se apoña aquilo que tradicionalmente se considerou feminino e, neste sentido, que haxa que contemplar as mulleres como quen está en mellor situación de afrontar a crise ecolólica en tanto estaría máis preto da natureza. Isto é, as mulleres non teñen que se converteren, de acordo con Val Plumwood, en “anxos do ecosistema” no canto de “anxos da casa”. O problema é como temos que ler, que comprender as conexións muller-natureza. O cal non supón, senón todo o contrario, que non haxa que revalorizar o coidado, as emocións e sentimentos. Trátase de non caer no esencialismo, en visións románticas da natureza, mesmo no irracionalismo, ou en posicións anticientíficas e antitecnolóxicas¹⁰. É preciso valorizar e reivindicar o coñecemento das mulleres, facelo visible e rachar coa desvalorización do que saben, en particular as mulleres campesiñas, pois foi a coartada para introducir métodos ‘científicos’ e ‘intensivos’ que, amais de seren en moitos casos agresivos, xeran dependencia da pro-

dución industrial. Porén, do que se trata é de non caer en reducionismos e de avanzar na transformación social e política.

Esta concisa presentación non ten outro obxectivo máis que poñer de manifesto a complexidade do terreo no que nos movemos á hora de abordar o ambiente dende a perspectiva de xénero, ao tempo que ser unha chamada de atención sobre a necesidade de integrar a Natureza como categoría analítica e política xunto co sexo-xénero, a clase e a raza. É dicir, quere ser apenas unha introdución que sirva de base e estímulo para seguir profundando no tema e, xa que logo, ter unha suficiente e boa formación en xénero para abordar a información sobre a cuestión ambiental/ecolólica, unha cuestión ou problema que vai máis alá de engadir ‘mulleres’ ou xénero, de maquillar ou ‘enverdecer’ e ‘avioletar’ os temas. Isto é, colócanos perante a necesidade de mudar a nosa maneira tradicional de ver (historia, marcos conceptuais, símbolos...), esixindo unhas lentes más axeitadas.

3. A información ambiental/ecolólica dende a perspectiva de xénero

Indo ao ámbito da información, do xornalismo, unha primeira cuestión que cómpre ter en conta é que como tal ámbito, especializarse en ‘ambiente’ ou ‘ecoloxía’ é algo moi recente, e a formación dos e das profesionais é abondo insuficiente, o cal repercute de xeito significativo no que atinxo ao xénero e ao ambiente, amosando, agás excepcións, importantes carencias, invisibilizacións e distorsións. Máis unha vez, achamos unha denominación, ‘xornalismo ambiental’, na que hai que reparar brevemente. Francisco Díaz-Fierros (2010) segue a Fernández Reyes para definilo como “xornalismo especializado que atende á información xerada pola interacción do home ou dos seres vivos co seu contorno, ou do contorno en si mesmo”, engadindo que precisa de certa especialización e sinalando que vai dende a vulgarización científica ata a noticia, e que, a diferenza das revistas especializadas, “a súa vocación será sempre o gran público”. Apunta así mesmo que o xornalismo ambiental actual nace en Estados Unidos de América, no ano 1962, cos artigos de Rachel Carson no *The New Yorker Magazine*.

En España –onde, para Díaz Fierros, Xosé María Castroviejo é precursor–, as primeiras revistas especializadas aparecen nos anos setenta, e nos medios de tiraxe diaria será *El País* o primeiro en ter unha sección fixa. Así pois, a historia é recente, hai pouca literatura específica neste campo (tanto baixo a denominación ‘xornalismo ambiental’ como ‘ecolóxico’), hai poucos mestrados temáticos, e na intersección xénero e ambiente moi menos áinda. Onde pode percibirse unha maior preocupación e perspectiva de xénero é no mundo latinoamericano, quizais porque hai importantes movementos de mulleres implicados na cuestión ecolólica. Con todo, non deixa de ser minoritario.

Por todo isto, non é de estrañar que a información estea seriamente afectada, e que aos problemas xerais do xornalismo, á crónica oficial dos feitos,

haxa que engadir os derivados da non adopción dunha perspectiva de xénero: visións tradicionais, nesgos, privilexiar unhas fontes, unhas voces fronte a outras... Hai unha sistemática invisibilidade das mulleres nas mobilizacións ciudadás, nas que acotío soen desempeñar un papel fundamental. Son moitas as activistas, militantes en grupos e partidos ecoloxistas, verdes, mais habitualmente son homes os que están en posiciones dirixentes e as súas voces as que se buscan e se transmiten. Neste ámbito específico hai que ofrecer unha información que deixe claro se estamos ante unha nota de prensa dun organismo oficial, dunha empresa ou dunha axencia, e contrastala, fornecerse doutras fontes, da perspectiva das vítimas, das activistas, dos movementos de mulleres, visibilizándoas como xestoras, como expertas, como científicas e pensadoras ambientais/ecoloxistas. Por poñer un exemplo:

As mulleres cargan co peso de innumerables problemas derivados das catástrofes ecológicas. Dado que constitúen o colectivo que coida das persoas dependentes, os seus traballo aumentan coa deterioración ambiental. Como o probaron suficientemente os feitos posteriores ao accidente nuclear de Chernobil, as mulleres ocúpanse dos feridos ou enfermos e deben redobrar os seus esforzos para encontrar alimentos non contaminados. Os traballo cotiás, xa de por si importantes, multiplicanse. Pero estas son consecuencias que non ocupan a primeira plana dos xornais de ningún país. Case poderíamos afirmar que nin sequera as recolle un pequeno título da "última páxina" (Puleo, 2011, 270).

Onde están as mulleres no, digamos, xornalismo ambiental/ecolóxico? Pois, e non é sorpresa ningunha, achámolas fundamentalmente nas páxinas dedicadas á 'muller' (como a publicación *Mujer Hoy*, en temas de saúde, ...). É dicir, para uso e consumo das propias mulleres, con case que ningunha presenza de fontes especializadas, de científicas, de teóricas e activistas, e non dende unha perspectiva de xénero en intersección co ambiente. Concluí, para debate e reflexión, cunha información de *Tentaciones de verano* (*El País*, 11/08/2010)¹¹:

Unha serea varada de cabelos grises. O vertido do BP convértese en portada de *Vogue* cunha reportaxe inspirada na melena cana da modelo Kristen McMenamy. Unha modelo inerte, nunha paraxe apocalíptica e unha larguíssima melena gris, sucia, a ton coa paisaxe, cubrindolle medio corpo. Esa é a portada de agosto de *Vogue Italia*. A modelo é Kristen McMenamy, fotografada por Steven Meisel como unha serea acabada de emerxer da mancha de petróleo que cobre o Golfo de México, que posa co seu pelo natural, cano. En moda quedan poucos tabús. Non é a primeira vez que Meisel retrata a modelo, de 45 anos. En xullo de 2009, a súa impactante cabeleira abriu tamén a edición italiana de *Vogue* para reivindicar un novo paradigma de beleza: a naturalidade... [negriña n.]

Bibliografía

- Agra Romero, María Xosé (1997). *Ecología y Feminismo*. Granada: Ed. Comares.
- Braidotti, R. (2000). *Mulher, ambiente e desenvolvimento sustentável*. Lisboa: Instituto Piaget.
- Cervera, Ana (2007). *Outro mundo é posibel: o reino da necesidade de Vandana Shiva*. A Coruña: Baía Edicións.
- De Salvador, Saleta (2010). "Ciberactivismo ecofeminista". En *Investigaciones Feministas, I*, 27-41. Recuperado de: <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/iif/21716080/articulos/INFE1010110027A>.
- Díaz-Fierros, F. (2010). "Xosé María Castroviejo. Precursor do xornalismo ambiental en España". En R. Aneiros, X. López, V. F. Freixanes, *Xornalistas con opinión 2. Vinte biografías*. Santiago de Compostela/Vigo: Consello da Cultura Galega-Editorial Galaxia.
- Dobson, A. (1997). *Pensamiento político verde. Una nueva ideología para el siglo XXI*. Barcelona: Paidós.
- Guerra, María José (2001). "Ecofeminismos". En *Breve introducción a la ética ecológica*. Madrid: A. Machado Libros.
- Judit, Tony (2008). *Sobre el olvidado siglo XX*. Madrid: Taurus.
- Puleo, Alicia H. (2011). *Ecofeminismo para otro mundo posible*. Madrid: Feminismos/Cátedra.
- Shiva, Vandana (2001). "El mundo en el límite". En A. Giddens e W. Hutton (eds.), *En el límite. La vida en el capitalismo actual*. Barcelona: Tusquets: 163.
- Valdivieso, Joaquín (2008). "Ecología y Filosofía Política". En F. Quesada (ed.), *Ciudad y ciudadanía. Senderos contemporáneos de la filosofía política*. Madrid: Ed. Trotta.

¹ Prefacio a Braidotti, R. (2000): *Mulher, ambiente e desenvolvimento sustentável*. Lisboa, Instituto Piaget.

² Unha das co-autoras do Informe foi Donella Meadows, considerada como unha científica ambiental pionera.

³ Nome da doutora norueguesa Gro Harlem Brundtland, que encabeza a comisión.

⁴ Como sinala J. Valdivieso (2008, 306): “A noción sostible ou sustentabilidade veu sendo usada moito antes no léxico ecoloxista nas discussións sobre as sociedades en vías de desenvolvemento no Terceiro Mundo. Nelas, falábase de tecnoloxías, ‘estilos de desenvolvemento’ e de vida ‘adaptados’, ‘intermedios’, que permitirán o benestar das sociedades más pobres sen reproducir os riscos, os subprodutos e as dependencias dos medios convencionais de desenvolvemento. Este significado transformouse tras o Informe Brundtland, dado que este conviña en que o desenvolvemento tradicional convencional, sempre que chegue tamén aos máis pobres, proporcionaría os medios para garantir a protección ambiental tanto como a xustiza cara ás xeracións futuras. Este enfoque é de suma positiva, triplamente: crecemento económico (convencional), protección ambiental e xustiza social retroalimentaríanse reciprocamente”.

⁵ A partir deste cumio acúñase a denominación ‘Axenda 21’, para referirse ao Plan de Acción que os Estados deberían levar a cabo.

⁶ Ambientalismo e ecoloxismo tamén son confrontados dende os movementos de liberación animal, veganos... que fan fincapé no ‘antiespecismo’, de aí que sexan críticos con aquelas correntes que reparan sobre todo no ‘equilibrio ecolóxico’ ou na ‘biodiversidade’.

⁷ Para unha introdución a V. Shiva cfr., Ana Cervera (2007). *Outro mundo é posible: o reino da necesidade de Vandana Shiva*. A Coruña: Baía Edicións.

⁸ Cfr. A. Puleo. “Los ecofeminismos en su diversidad” cap. 1, Op. Cit.; M^a Xosé Agra Romero (1997): *Ecología y Feminismo*. Granada: Ed. Comares.

⁹ A filósofa Karen Warren analizou e criticou estas conexións históricas, conceptuais e simbólicas. Para unha boa síntese e unha introducción cfr., M^a José Guerra (2001). “Ecofeminismos”. En *Breve introducción a la ética ecológica* (pp. 114-124). Madrid: A. Machado Libros.

¹⁰ É importante sinalar a presenza do activismo ecofeminista na Rede, cfr. A. Puleo, Op. Cit.: 82-85. e Saleta de Salvador (2010). “Ciberactivismo ecofeminista”. En *Investigaciones Feministas*, vol. 1 (27-41). UCM. Dispoñible en: <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/iif/21716080/articulos/INFE1010110027A>.

¹¹http://www.elpais.com/articulo/gente/tv/sirena/varada/cabellos/grises/elp-ten/20100811elpepuage_1/Tes

Escola e coeducación: desaprendendo o xénero, camiñando cara a igualdade

María Lameiras Fernández

María Victoria Carrera Fernández

Yolanda Rodríguez Castro

Universidade de Vigo